


CUMIEIRA

Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega

Departamento de Filoloxía Galega e Latina

Vol. 8 - 2023

Xosé A. Fernández Salgado (ed.)



CUMIEIRA

*Cadernos de investigación
da nova Filoloxía Galega*

Vol. 8 – 2023

Xosé A. Fernández Salgado (ed.)

Departamento de Filoloxía Galega e Latina

UNIVERSIDADE DE VIGO

Cumieira : Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega. Vol. 8/Xosé A. Fernández Salgado (ed.). -- Vigo: Universidade de Vigo, Departamento de Filoloxía Galega e Latina, 2023

132 p.; 24 cm

D.L. VG 648-2023

ISBN 978-84-8158-987-0

1. Filoloxía Galega. I. Fernández Salgado, Xosé Antonio, ed. lit. II. Universidade de Vigo, Departamento de Filoloxía Galega e Latina, ed.

© Departamento de Filoloxía Galega e Latina (Universidade de Vigo)

© Iría Domínguez Márquez, Simon Moll, Estefanía López Tanoira, Lucía Salceda García, Aranzazu Luna Díaz, Helena Domínguez García

© Xosé A. Fernández Salgado (ed.)

Revisión científica do volume 8:

Benigno Fernández Salgado (UVigo), Ana Iglesias Álvarez (UVigo), Antía Monteagudo Alonso (UVigo - CILR), Alexandre Rodríguez Guerra (UVigo) e Xosé A. Fernández Salgado (UVigo)

Maquetación: Xosé A. Fernández Salgado

Deseño da portada: Tania Sueiro (Área de Imaxe da Universidade de Vigo)

Edición:

Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo
Facultade de Filoloxía e Tradución
Campus das Lagoas-Marcosende - 36310 Vigo

Impresión: Tórculo Comunicación Gráfica, S.A.

Dep. Legal: VG 648-2023

ISBN: 978-84-8158-987-0

CUMIEIRA. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega aparece recollida na base de datos DIALNET, en BILEGA, no *Catálogo Italiano dei Periodici* ACNP (Università di Bologna), en *Linguistic Bibliography* e Brillonline de BRILL.

Índice/*Index*

- 9** Limiar /
 Introduction
- 11** IRIA DOMÍNGUEZ MÁRQUEZ
 O emprego do artigo co posesivo con nomes de parentesco no galego contemporáneo /
 The use of the article with the possessive with names of kinship in the contemporary Galicians
- 41** SIMON MOLL
 Identidades, ideoloxías e actitudes lingüísticas dos neofalantes /
 Linguistic identities, ideologies and attitudes of new speakers of Galician
- 69** ESTEFANÍA LÓPEZ TANOIRA
 Monolingüismo en educación infantil: as linguas dos pais e o alumnado dun CEIP de Pontevedra /
 Monolingualism in early childhood education: The languages of parents and pupils in a Pontevedra Primary School
- 105** LUCÍA SALCEDA GARCÍA
 A figura literaria da bruxa como ferramenta de análise dos roles de xénero nas aulas /
 The literary figure of the witch as a tool for analyzing gender roles in the classroom
- 121** Recensións / *Reviews*

 Rivas, Fabio (2023): *A pintura debida*. Vigo Edicións Xerais,
 por ARANTXA LUNA DÍAZ.

 Luna, Aranzazu / Gonzalo Navaza (2022): *Toponimia do Val de Fragoso 8. Valadares*. Vigo: ANL / Universidade de Vigo,
 por HELENA DOMÍNGUEZ GARCÍA

- 127** Autoras e autores de *Cumieira*, vol. 8 /
Cumieira's *authors*
- 129** Normas para o envío de orixinais /
Manuscript submissions guidelines. Information for authors

O EMPREGO DO ARTIGO CO POSESIVO CON NOMES DE PARENTESCO NO GALEGO CONTEMPORÁNEO

*The use of the article with the possessive with names
of kinship in the contemporary Galicians*

Iria Domínguez Márquez

Universidade de Vigo
iriadmarquez@gmail.com

DOI: <https://doi.org/10.35869/cumieira.v8.23.1>

Resumo: Este traballo examina o uso do artigo determinado co posesivo en frases nominais nucleadas por nomes de parentesco e as variables que axudan a explicar a súa presenza ou ausencia en galego. A análise realízase a partir dun corpus constituído por textos do TILGA no período 1918-2013. Tras a elaboración dunha base de datos propia, de preto de 23000 exemplos de substantivos de parentesco, comezamos por comentar o concepto de *parentesco* e propoñer unha clasificación propia deste campo semántico, para logo revisar o uso do artigo determinado co posesivo dentro da gramática do galego. Posteriormente, analízanse en que medida inflúen variables semánticas, coma o grao de parentesco; morfolóxicas, coma o xénero, o número ou o número de posuidores; sintácticas, coma a función da frase nominal, a presenza dunha preposición ou a modalidade oracional; e cronolóxicas na presenza ou ausencia do artigo determinado en frases formadas por *posesivo + nomes de parentesco*.

Palabras chave: artigo, posesivo, substantivos de parentesco, lingua galega.

Abstract: This paper examines the use of the definite article with the possessive in noun phrases nucleated by family names and some of the variables that help to explain its presence or absence in Galician. The analysis is based on a corpus made up of TILGA texts in the period 1918-2013. After creating our own database, of around 23,000 examples of kinship nouns, firstly we began by commenting on the concept of kinship and proposing a classification of this semantic field. Secondly, we have reviewed the use of the definite article with the possessive by Galician grammarians. Subsequently, we have analysed the extent to which semantic variables such as the degree of kinship; morphological ones such as gender, number or number of possessors; syntactical ones such as the function of the noun phrase, the presence of a preposition or the sentence modality; and chronological factors can influence the presence or absence of the definite article in phrases formed by *possessive + family names*.

Keywords: article, possessives, family names, Galician language.

CUMIEIRA. *Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*

Dpto. de Filoloxía Galega e Latina, Universidade de Vigo

Vol. 8, 2023, pp. 11-40, ISBN: 978-84-8158-987-0

1. Introducción¹

Este traballo analiza as frases nominais formadas por *posesivo + nome de parentesco* no galego contemporáneo e a presenza ou ausencia dun artigo determinando a todo ese conxunto. Nun principio, pode parecer que a ausencia ou presenza do artigo, coma en *A miña nai aínda non chegou* ou *Miña nai aínda non chegou*, non responde a regras fixas, senón que é unha cuestión de estilo lingüístico. Así e todo, como veremos, existen algunhas variables de tipo semántico, morfolóxico, sintáctico e cronolóxico que condicionan a porcentaxe da aparición ou non do artigo con nomes de parentesco como *pai, irmá, avoa* etc., cando tamén van modificados por un posesivo.

Os posesivos son «déicticos persoais que indican con que persoa gramatical está en relación o substantivo que acompañan; isto é, expresan [...] unha relación de posesión ou pertenza» (Freixeiro Mato 2000: 211). A relación bidireccional de pertenza, e de parentesco no noso caso, entre dous suxeitos pode expresarse en galego de varias maneiras; cando menos, 1) co uso dun pronome posesivo determinando o nome de parentesco (*María é a súa irmá*), 2) por medio da secuencia *de + pronome persoal* modificando o nome de parentesco (*É a irmá del*) e 3) cun dativo posesivo (*Élle irmá*). Dentro desta diversidade de estruturas para expresar relacións de parentesco, neste traballo só estudaremos as construcións de 1), é dicir, ás integradas por (*artigo*) + *posesivo + nome de parentesco*; e nelas o noso interese centrarase en indagar sobre a coexistencia ou non do determinante artigo e o posesivo con este tipo de substantivos e mais nalgúns variables morfolóxicas, sintácticas e semánticas que poden axudar a explicar porque, por exemplo, tendemos a usar o artigo máis con certos nomes de parentesco (*neta, fillo*) ca con outros (*nai, avó*); tamén cando son varios posuidores en plural usamos máis o artigo (*Os nosos pais non viñeron aínda*) ca cando é un único posuidor (*Miña nai non veu aínda*) e igualmente tendemos a pór o artigo máis cando a frase nominal vai precedida de preposición (*Vai co seu pai* é máis frecuente ca *Vai con seu pai*).


Esta presenza/ausencia do artigo e as variables que entran en xogo estudarémolas a partir de buscas guiadas da combinatoria dos nomes de parentesco co artigo e o posesivo nun corpus de exemplos de textos literarios, xornalísticos, ensaios etc. extraídos do Tesouro Informatizado da Lingua Galega (TILG), nun período que chamamos do *galego contemporáneo*; en concreto os textos que temos en conta van dende 1918 ata 2013.

¹ Este artigo ten a súa orixe no meu Traballo de Fin de Grao, defendido en xuño de 2022 baixo a dirección do profesor Xosé Antonio Salgado Fernández. Quería darlle aquí as grazas pola súa incondicional axuda e polo seu necesario alento para que este traballo saíse adiante.

2. O campo semántico das relacións de parentesco

Consideramos como *parentesco* o vínculo que une a unhas persoas con outras que pertencen a mesma liñaxe (DRAG s.v. *parentesco*). Son relacións entre suxeitos que poden derivar de raíces biolóxicas ou de factores de índole diversa: adopción, matrimonio, afinidade, etc. Cada xeración é un grao de parentesco e a suma dos graos sucesivos forman as liñas de sucesión ou relacións de parentesco. Algúns dos nomes que refiren relacións de parentesco son *nai*, *pai*, *avó*, *irmá*, *neto*, *sobriña*, *curmá*, *padriño*, *afillada* etc.

Na revisión da bibliografía sobre o tema non atopamos unha clasificación ou organización dos substantivos deste campo semántico do parentesco que satisficese os obxectivos do noso traballo, polo que finalmente optamos por elaborar a nosa propia clasificación, aínda sen ser exhaustiva, a partir dos nomes que pretendemos estudar. A organización do campo semántico realizámola en función de dous parámetros de relación, que tamén son tidos en conta por Varela Vázquez (1997), a partir do central «eu»: 1) *parentesco de afinidade* e 2) *parentesco de consanguinidade*, podendo ser en cada caso ascendente ou descendente. A nosa proposta de organización do campo semántico do parentesco recóllese na Gráfica 1:



Gráfica 1: Organización do campo semántico das relacións de parentesco.
(Elaboración propia)

Entendemos como *parentesco afín* ou *político* toda aquela relación de parentesco que se establece polo matrimonio entre un dos cónxuxes e a familia do outro. Pola contra, percibimos como *parentesco de consanguinidade* ou *directo* unha relación natural de familiaridade entre persoas que pertencen á mesma estirpe e teñen antepasados recentes comúns. Este parentesco de consanguinidade pode seguir dúas liñas: 1) a *liña recta*, entre persoas que descendan do mesmo tronco en sentido vertical, coma o caso de *avó, avoa, pai, nai, fillo, filla, neto e neta*; e 2) a *liña colateral*, que é unha liña imaxinaria trazada en horizontal que relaciona ó suxeito «eu» con outros parentes sen que descendan directamente deles: o caso de *padriño, madriña, tío, tía, sogro, sogra, xenro, nora, cuñado, cuñada, irmán, irmá, curmán, curmá, afillado, afillada, sobriño e sobriña*.

Así mesmo, no interior de cada unha das liñas diferenciamos entre: 1) *parentesco ascendente*, que une a alguén cos parentes dos que descende; e 2) *parentesco descendente*, que liga ó devanceiro cos que descendan a partir del.

3. Artigo e posesivo con nomes de parentesco

Un dos trazos que caracterizan a sintaxe da frase nominal do galego, fronte a do castelán por exemplo, é que os substantivos precedidos por un posesivo precisan, polo xeral, ir tamén determinados polo artigo ou un demostrativo (*a miña casa, esta miña casa/*miña casa*), a non ser nalgúns casos excepcionais, entre os que se atopan os nomes de parentesco, que poden prescindir del (*o meu pai/meu pai*).

Este trazo é salientado nas distintas gramáticas galegas. Recollérono Lugrís Freire (1931: 85), Carballo Calero (1976: 267-268) e tamén Álvarez/Monteagudo/Regueira (1986: 217), que sinalan que «o posesivo anteposto ó substantivo vai sempre precedido de artigo ou demostrativo, xa que de por si non é un identificador», aínda que matizan que hai casos especiais «nos que se pode escusar a presenza do artigo ou do demostrativo (v.p. 150) sen que iso provoque alteracións na orde de elementos da frase nominal: *Regaloumo teu curmán*» (íd.).

Na idea de posesivo máis como «modificador» do que «determinante» tamén insiste Freixeiro Mato (2000: 213). Ó falar da frase formada por *posesivo + substantivo* indica que acostuma «ir sempre precedida de artigo xa que o posesivo por si só non ten características de actualizador (determinante)»; aínda que puntualiza que se pode escusar o artigo no caso de nomes de parentesco, vocativos, substantivos que indican seres únicos co trazo de respecto (*Nosa Señora*) e algúns casos en que funcionen como atributo (*É meu amigo*):

como norma xeral a frase constituída por posesivo+substantivo debe ser en galego articulada, máis unha característica peculiar do sistema galego-portugués na actualidade (non exclusiva, pois tamén se dá no catalán, no romeno e no italiano) fronte ao castelán e ao francés, que se ben inicialmente a adoptaron, logo a foron perdendo, ao revés do que aconteceu no romance hispánico occidental (Freixeiro Mato: 2000: 215).

Álvarez/Xove (2002: 475), pola súa parte, sinalan que o posesivo pode antepoñerse ou pospoñerse ó substantivo e que cando vai anteposto «o substantivo vai determinado como ‘definido’, acompañado xeralmente dos determinantes ‘definidos’, isto é do artigo determinado e os demostrativos» (2002: 475). Pero tamén matizan que nalgúns contextos particulares o posesivo pódese presentar como ‘definido’ por si mesmo, sen outros determinantes: *meu pai*.

Louredo Rodríguez (2015: 185, *apud* Lyons 1999), sinala que con respecto a combinación *artigo + posesivo* hai dous tipos de linguas: 1) as linguas *Genitive Determiner* (GD) en que o artigo non aparece co posesivo (**meu coche*), entre elas están o inglés, francés ou o alemán; e 2) as linguas *Genitive Adjectival* (GA) en que se usa o posesivo articulado (*o meu coche*), coma por exemplo o caso do galego, o italiano ou o portugués. Así e todo, matiza que nas linguas *Genitive Adjectival* existen substantivos que optan pola solución sen artigo: o caso do galego cando o posesivo antecede a un substantivo de parentesco, en que a presenza do artigo é optativa en función do grao de proximidade que se establece entre os nomes de parentesco e o suxeito.

Como regra xeral, pois, podemos dicir que en galego o posesivo debe ir determinado polo artigo, ou no seu caso polo demostrativo (*o meu libro/este meu libro*) cando vai en posición prenominal; porén, tamén nas diferentes gramáticas e estudos se destaca que nalgúns contextos particulares a presenza do artigo pode ser escusada, aínda que «teñen que levalo cando o substantivo falta: *Teu pai logrouno*, pero *O meu non deu deixado o tabaco*» (Álvarez/Monteagudo/Regueira 1986: 218).

Os contextos en que o posesivo pode ir sen artigo son recollidos polas diferentes gramáticas galegas (Álvarez/Monteagudo/Regueira 1986: 152-153; Freixeiro Mato 2000: 213-218; Álvarez/Xove 2002: 475-477). Esquemáticamente, os contextos son os seguintes:

1. Nos vocativos: *Meu querido!*, onde é obrigado o uso sen determinante.
2. En aposicións afectivas: *A miña nai, miña nai-ciña*.
3. En función de atributo caracterizador sen substantivo: *Ese coche é noso*.
4. Combinado con *cada* en función adxacente: *Dinlle a cada rapaz seu agasallo*.

5. En tratamentos de respecto: *Súa Maxestade*.
6. En frases feitas: *Meu dito, meu feito*.
7. Cos nomes de parentesco: *miña nai, teu irmán, seu cuñado* etc.

Centrándonos xa nas frases de *posesivo + nomes de parentesco*, que son as que nos interesan, Álvarez/Monteagudo/Regueira (1986) sinalan que os substantivos de parentesco mostran un comportamento singular, dificilmente explicable en termos gramaticais, aínda que insisten en relacionalo coa proximidade do parentesco e o número de posuidores:

Non hai unha regra fixa, mais pódese dicir que canto menos concreta sexa o número de persoas implicado, máis necesidade hai do uso do artigo. Isto fai que aumente progresivamente en dúas direccións: desde o parentesco máis próximo (*nai, pai*, que se refiren a unha soa persoa en cada caso) ó menos (*curmán, primo, parente...*), e desde o posesivo que indica un só posuidor e un só obxecto de posesión (*meu, miña, etc.*) ó que indica varios posuidores e varios obxectos posuídos (*nosos, nosas, etc.*); neste último caso o uso do artigo é de regra: *Avisárono meus pais, pero os nosos tíos seguen na Habana*. (Álvarez/Monteagudo/Regueira 1986)

Pola súa parte, Varela Vázquez (1997: 353), no seu estudo sobre os posesivos cos nomes de parentesco en textos de 1800 a 1917, tamén destaca que os nomes de parentesco se comportan como unha excepción respecto da regra xeral. Indica que hai unha tendencia cara á ausencia do artigo cando os substantivos de parentesco «expresan un contido de respecto que parece se-lo causante das restricións no emprego do elemento articular» (ibíd.: 366). Varela Vázquez trata de buscar as causas desta ausencia/presenza do artigo co posesivo en dúas direccións: semánticas e sintácticas. Así, na súa descrición ten en conta variables coma o tipo de relación de parentesco, o grao de respecto, o xénero e número dos nomes e a función sintáctica que contrae a frase, atendendo sobre todo á presenza/ausencia de preposición, e o tipo de texto. Tamén ten en conta o criterio cronolóxico.

Freixeiro Mato (2000: 214) insiste en explicar a ausencia do artigo co posesivo cos nomes de parentesco no feito de expresaren «unha individualidade única, excluindo outras» —que Varela Vázquez (1997: 353) invalida no seu estudo— e tamén «por posuíren o trazo sémico [+ respecto]».

Álvarez/Xove (2002: 477) afirman que os nomes de parentesco «en xeral poden levalo ou non» dependendo de varios factores, e citan entre eles algúns dos xa apuntados: a liña de parentesco, o plural da persoa e a presenza dunha preposición rexendo a frase *posesivo + nome de parentesco*.

O posesivo, alén de aproximarse ó comportamento doutros substantivos que expresan un contido de respecto, tamén amosa semellanzas coas construcións de *posesivos + nome propio*. Segundo Louredo Rodríguez (2015: 185), «my hypothesis for Galician is that kinship nouns should display a similar behaviour to that of PNs in terms of the use of the article».

Canto ó valor o matiz que engade a presenza do artigo nestas construcións, Álvarez/Monteagudo/Regueira (1986: 153) afirman que non engade ningunha significación, polo que falan máis ben de frecuencia de uso nuns ou noutros casos. Non obstante, para Silva Domínguez (1996: 6) «a presenza ou ausencia da unidade articular no atributo da cláusula copulativa pode converterse na marca formal para a indicación de diferencias de carácter semántico». Noutras palabras, a presenza ou omisión do artigo nos substantivos de parentesco engade un matiz de significado en relación cos trazos sémicos [coñecido] fronte a [descoñecido]; é dicir, mentres que a ausencia de artigo destaca a calidade íntima ou función relacional do substantivo, a opción articulada desempeña unha función identificadora.

No caso dos nomes de parentesco, segundo Cidrás Escáneo (2017: 9), «el posesivo puede ir sin artículo dado que el problema de referencialidad que justificaba la presencia del actualizador se resuelve situacionalmente [...] dada la estructura *madre*, el sintagma “madre-de-y” tiene una interpretación unívoca».

4. Obxectivos

Como xa se adiantou, o obxectivo deste traballo é describir a variación que se produce canto á presenza/ausencia do artigo determinado en frases formadas por *posesivo + nomes de parentesco* nun corpus amplo de lingua galega da etapa contemporánea, conformado por textos que van dende 1918 ata 2013 e están recollidos na base de datos do TILG. Na nosa descrición achegaremos porcentaxes de uso do artigo neste contexto tendo en conta variables de tipo semántico, morfolóxico, sintáctico e cronolóxico, que poderán axudar a ter un coñecemento máis exhaustivo sobre este alternancia grazas a amplitude de mostra con que traballamos, máis de 22.000 exemplos.

Na nosa análise teremos en conta as seguintes variables:

- 1) o tipo de relación de parentesco
- 2) o xénero e número do nome de parentesco
- 3) o número de posuidores a que se refire o posesivo

- 4) a posición e función sintáctica da frase do *posesivo + nome de parentesco*
- 5) a modalidade do enunciado en que se insire
- 6) a diacronía

Nos apartados anteriores caracterizamos o concepto de *parentesco*, propuxemos unha organización do campo semántico dos nomes de parentesco, revisamos como se tratou a presenza/ausencia de artigo co posesivo en especial cos nomes de parentesco nas gramáticas galegas máis actuais e noutros traballos sobre o tema e delimitamos o obxectivo principal do noso traballo. No que resta del, comentaremos a metodoloxía que empregamos para a obtención dos datos, para logo facer a análise dos mesmos tendo en conta os factores ou variables que xa indicamos. Finalmente, rematarase coas conclusións, as referencias bibliográficas usadas nel e un anexo.

5. Metodoloxía

Para a consecución dos obxectivos partimos da análise dunha colleita de exemplos do galego tomados do corpus TILG no período que vai dende 1918 ata 2013, isto é, do galego contemporáneo. A partir del fixéronse buscas guiadas da secuencia *artigo + posesivo + nomes de parentesco*, tendo en conta as variables morfolóxicas, semánticas, sintácticas e cronolóxicas que nos interesaba contrastar.

O TILG é un corpus electrónico de libre acceso que proporciona información de tipo gramatical, a autoría e datación dos exemplos por ano, o contexto á esquerda e dereita da forma procurada e o tipo de texto en que se rexistra a palabra gráfica ou lema. Trátase dun corpus histórico que recolle textos galegos escritos durante a Idade Moderna e Contemporánea. A súa versión actual compila máis de 3.000 documentos producidos entre 1612 e 2013. Contén arredor de 30 millóns de formas gráficas, lematizadas e anotadas con etiquetas morfosintácticas. Iniciouse en 1986 no Instituto da Lingua Galega baixo a dirección de Antón Santamarina.


Para a conformación do noso corpus particular de estudo acoutamos os textos de estudo ó período 1918-2013. Desbotamos traballar con textos do século XIX, porque a etapa 1800-1917 xa conta co estudo lingüístico sobre os posesivos con substantivos de parentesco de Varela Vázquez (1997).

O período sobre o que fixemos as buscas da investigación dividímolos en tres etapas, que consideramos significativas dentro da historia da lingua galega máis actual. Son estas:

O emprego do artigo co posesivo con nomes de parentesco no galego contemporáneo

- Primeira etapa (1918-1939): corresponde a textos escritos na época denominada das *Irmandades da Fala*, de *Nós* e da II República durante a Guerra civil española.
- Segunda etapa (1940-1975): corresponde a textos do período da Ditadura franquista. É a franxa onde atopamos menos ocorrencias.
- Terceira etapa (1976-2013): recolle textos do período que vai despois da morte de Franco ata case a actualidade. Nese período produciuse a fin da ditadura, a chegada da democracia, a aprobación do Estatuto de Autonomía (1981), a Lei de Normalización Lingüística (1983), a aprobación das *Normas ortográficas e morfolóxicas do Idioma Galego* (1982), a fundación da Corporación de Radio e Televisión de Galicia (1984), a impartición de materias en galego no ensino, etc., feitos todos que influíron decisivamente na dinamización e normativización da lingua galega. Neste período hai un aumento considerable de exemplos.

Na Gráfica 2 recóllese o reparto dos 22.886 exemplos analizados en cada unha das tres etapas:



Gráfica 2: Porcentaxe de exemplos analizados por etapas (1918-2013).

Sobre os textos do TILG deste período realizamos buscas guiadas e independentes para cada un dos nomes de parentesco que iamos estudar. Fixemos unha selección de 24 nomes de parentesco, que logo na súa análise subdividimos

tendo en conta a relación de consanguinidade ou afinidade entre eles: *pai/nai*, *fillo/filla*, *avó/avoa*, *neto/neta*, *irmán/irmá*, *cuñado/cuñada*, *padriño/madriña*, *afillado/afillada*, *sogro/sogra*, *xenro/nora*, *tío/tía*, *sobriño/sobriña*². Aínda así, cremos que a nosa selección é suficiente para ter unha idea xeral do comportamento do artigo co posesivo ante nomes de parentesco no galego contemporáneo

Nas buscas, primeiramente procuramos cada lema do nome de parentesco (*nai*, *pai*, *avó* etc.), acompañado dos posesivos en singular e plural, coa súa flexión correspondente segundo o xénero: *miña(s)/meu(s)*, *túa(s)/teu(s)*, *súa(s)/seu(s)*, *nosa(s)/noso(s)*, *vosa(s)/voso(s)* + o nome de parentesco.

De seguido, fixemos outra procura incluíndo o artigo determinado en singular e plural para cada lema acompañado do posesivo correspondente: *o(s)/a(s)* + *miña(s)/meu(s)*, *túa(s)/teu(s)*, *súa(s)/seu(s)*, *nosa(s)/noso(s)*, *vosa(s)/voso(s)* + o nome de parentesco.


Logo de todas as buscas seleccionadas, conformamos un corpus de máis de 22000 mostras de análise. A súa descrición realizarase tendo en conta as variables morfolóxicas, semánticas, sintácticas e cronolóxicas xa antes comentadas. En primeiro lugar, analizaremos a influencia do xénero e do número na combinación *artigo + posesivo + nome parentesco*; logo, a incidencia do parentesco segundo as liñas horizontais ou verticais das relacións intrafamiliares; despois, o comportamento sintáctico das frases nominais con posesivo articuladas ou sen articular; e, por último, o emprego do artigo co posesivo nas diferentes etapas temporais establecidas.

Antes de pasar a análise dos resultados, queremos aclarar que para a análise das variables sintácticas operouse cunha base de datos máis reducida, que se comenta no apartado correspondente (véxase apartado 7.3).

6. Análise dos resultados

As porcentaxes da Gráfica 3 fan referencia ó conxunto de exemplos do noso corpus de frase con *posesivo + nome parentesco* no galego contemporáneo (1918-2013), extraídos do TILG a partir das buscas guiadas a que antes fixemos referencia e os casos en que aparece o artigo determinado ou non (véxase tamén o Anexo final):

² Quere isto dicir que non se fixeron buscas das formas de respecto *madre* ou *padre*, nin das familiares *mamá*, *papá* ou similares, nin dialectais como *mai*, *mamae*, nin castelanismos como *abuelo* ou *abuela*.



Gráfica 3: Porcentaxe de uso xeral con e sen artigo co posesivo+ nome de parentesco.

Os resultados globais revelan unha primacía, cun 54 %, de mostras con artigo (ex. 1: *esa rapaza a min gustábame para o meu fillo, Andrés*. <Romaní: Barlovento/1992>)³, sobre o 46 % do total dos substantivos de parentesco que prefiren o posesivo sen artigo (ex. 2: *Eso que Cuba está mal, según di meu fillo*. <Villar Ponte: Almas/1922>). Vexamos agora os datos tendo en conta as diferentes variables semánticas, morfolóxicas, sintácticas e cronolóxicas.

6.1. Variables semánticas: as relacións de parentesco

Na análise semántica examinaremos se a alternancia do artigo co posesivo con nomes de parentesco se ve influída pola pertenza dos substantivos a diferentes niveis nas relacións intrafamiliares. Para iso, estimamos oportuno agrupar os nomes en parentesco ascendente, parentesco colateral e parentesco descendente.

6.1.1. Parentesco ascendente

Clasificamos dentro do grupo de parentesco ascendente a todos os parentes dos que descende o suxeito «eu», en liña recta e vertical: *avó/avoa, pai/nai* e *sogro/sogra*.

Con respecto ós resultados globais, como se ve na Táboa 1, os substantivos de parentesco ascendente amosan unha predilección polas estruturas non articuladas,

³ Nos exemplos indícase a referencia de onde está tomada, tendo en conta *Autoría: obra/ano*.

representando un 58 % do total (ex. 3: *quixera lembrar en primeiro lugar todo o que me ensinou meu pai de agricultura e agricultura ecolóxica* <Galdo: Abecedario/2012>; ex. 4: *Na Fala de Bergantiños arroloume miña nai, cantando doces cantigas da montaña e beiramar*. <Zapata: Dispersos/1938>; ex. 5: *Tapeina ben e marchei á viña de meu sogro*. <Barxa: Andados/1972>; ex. 6: *Eu tamén o recollería; pero, dáte conta: nove fillos, a parenta para rebentar e miña sogra tolleita*. <Vilanova: Pombas/1934>; ex. 7: *Aló na Habana o meu fillo usa o nome de Manuel, que é o nome de seu avó que se lle pegou a el*. <Baña: Vida/1921>; ex. 8: *un cacho de touciño e mais un queixo fresco que me dera miña avoa de Martín, que facía un ou dous ó día e comían un cada mes*. <Vázquez Fernández: Aconteceres/1988>).

Pola contra, o 42 % de construcións prefiren o artigo co posesivo (ex.9: *Arreda, e non lixes coas túas caricias as brancas canas do meu pai*. <López Abente: María/1928>; ex. 10: *Non quixen que me dixeran que os meus amores eran cobizas de grandezas que nunca sintín, e deixando a miña nai e a miña terra, marchei polo mundo a conquistar*. <Porto: Tola/1927>; ex. 11: *Cando llo viñeron contar ó meu sogro, púxose coma unha fera e malloume*. <Martínez Oca: Cavorcos/1981>; ex. 12: *Nin o meu burro de carga aguantou á miña sogra, deulle un couce nunha illarga e botoulle as tripas fóra*. <Abelleira: Cousas/1936>; ex. 13: *É que ti non sabes, ti non sospeitas que entre o teu pai e o meu avó hai algo misterioso e terrible que os arreda*. <Carré Alvarellos: Pecado/1920>; ex. 14: *Aquela mesma noite, a carón da lareira, conteille o sucedido á miña avoa, e díxome: —Os pequenos sodes o diaño* <Moure: Matinando/1971>).

PARENTESCO	CON ARTIGO	SEN ARTIGO
Pai/nai	39,80 % (5371) ⁴	60,20 % (8125)
Avó/oá	63,22 % (880)	36,78 % (512)
Sogro/a	42,79 % (178)	57,21 % (238)
TOTAL	42,00 % (6429)	58,00 % (8875)

Táboa 1: Relación de parentesco ascendente.

⁴ Entre paréntese indícase o número de exemplos localizados.

Como se ve, a solución da forma *avó/avoa* é peculiar, pois forma parte dos substantivos en liña ascendente, co sema de [+ respecto], e non obstante, opta polas formas articuladas nun 63,22 % dos resultados, semellándose no comportamento ós substantivos das Táboas 2 e 3 seguintes, de parentesco descendente e colateral.

Pola contra, *pai/nai* e *sogro/sogra* prefiren o posesivo non articulado, cun 60,20 % e un 57,21 % respectivamente. Ambos os substantivos relacionais caracterízanse por posuíren os semas [+ respecto], [ascendente] e [+ proximidade], a diferenza de *avó/avoa* que está situado nun chanzo máis afastado da escala de familiaridade e amosa un 63,22 % de mostras de posesivo con artigo. Neste caso, poderíamos falar de graos de parentesco, *pai/nai* e *sogro/sogra* sitúanse nun primeiro grao [+ proximidade], mentres que *avó/avoa* está no segundo grao da escala de familiaridade ascendente [- proximidade] e por iso difire no seu comportamento.

Posiblemente estes nomes de parentesco da rama ascendente que optan nun 58,00 % dos rexistros pola solución sen artigo, aínda conserven o trazo sémico inherente [+ respecto], actualmente en descenso. Segundo os datos do século XIX de Varela Vázquez (1997: 356), nos substantivos de parentesco ascendente «a forma sen artigo aparece de xeito maioritario nun 70,22 % das ocorrencias». Os seus datos do século XIX contrastan cos nosos globais do XX, pois o uso do artigo creceu un 12 %, pasando dun 29,77 % a un 42,00 %.

6.1.2. Parentesco descendente

Incluímos no cadro de parentesco descendente ós sucesores do suxeito «eu», nomes de parentesco directo ou político que están nunha relación de posición inferior con respecto ó suxeito: isto é, *fillo/filla*, *neto/neta*, *xenro/nora*, *sobriño/sobriña* e *afillado/afillada*. Os rexistros dos nomes de parentesco descendente amosan unha tendencia maioritaria polas estruturas articuladas.

Como se ve na Táboa 2, nos exemplos que designan unha relación de parentesco descendente, a solución con artigo é a maioritaria, cunha media do 73,11 %, independentemente do grao de parentesco (ex. 15: *De todas as maneiras, aí tendes o meu fillo. Si é tolleito ou san, torto ou dereito, garrido ou xorobado*. <Rivero: Fungueirazos/1925>; ex. 16: *Agora, os máis dos matrimonios non pasan de ter un fillo, e algúns, coma a miña neta que foi casar a Gundiás, xa leva máis dun ano de xuntoiro*. <Moure Mariño: Lareira/1980>; ex. 17: *E logo que ceei entrei sen facer ruído na habitación do meu sobriño Iván e alí estaba el todo encollidiño envolto nas mantas*. <Toro: Tic tac/ 1993>). A escasa representatividade de nomes sen artigo (o 26,89 %), corresponde fundamentalmente a exemplos de vocativo (ex. 18: *¡Rosalia, miña filla, deixa que te abraçe, deixa que te bique!* <Cotarelo: Trebón/1922>; ex. 19:

Non chores, meu filliño, meu neto querido, non chores; deixa que os teus olliños cansos de bagullar, dúrmanse acariñados. <Guimarey: Pepa/1933>; ex. 20: *coas cascudas que logren fuxir da túa vasoira e dos teus velenos; porque as ratas, miña nora, as ratas vanse salvar case que todas.* <Cortezón: Vila/1981>; e en menor medida, a casos de atributos (ex. 21: *Miña nora é quen queda, os nenos e a velliña non dan atendido a casa.* <Cabana: Cervo/1994>, ex. 22: *Non é a empregada. Rosiña é miña neta* <Navaza: Erros/1996>).

O noso estudo confirma a tendencia xa enunciada por Varela Vázquez (1997: 356), posto que «nos exemplos que designan unha relación de parentesco de carácter descendente é maioritaria a alternativa que opta pola presenza do artigo». Como vemos, hai un forte contraste na solución que adoptan os bloques semánticos de *parentesco ascendente* e estes de *descendente*:

PARENTESCO	CON ARTIGO	SEN ARTIGO
Fillo/a	72,17 % (2889)	27,83 % (1114)
Sobriño/a	81,19 % (246)	18,81 % (57)
Neto/a	78,31 % (195)	21,69 % (54)
Xenro/nora	73,27 % (74)	26,73 % (27)
Afillado/a	73,08 % (38)	26,92 % (14)
TOTAL	73,11 % (3442)	26,89 % (1266)

Táboa 2: Relación de parentesco descendente.

6.1.3. Parentesco colateral

Dentro deste grupo incluímos os nomes que consideramos de parentesco indirecto colateral, é dicir, son parentes que non se relacionan co suxeito por liña recta, senón que a súa afinidade ou relación de pertenza vén dada por manter coa outra persoa un tronco común, polo que a relación de parentesco que se establece é horizontal.

Analizamos no parentesco colateral os nomes *tío/tía*, *curmán/curmá*, *irmán/irmá*, *cuñado/cuñada*, *padriño/madriña*.

PARENTESCO	CON ARTIGO	SEN ARTIGO
Irmán/á	58,21 % (1468)	41,79 % (1054)
Tío/a	54,94 % (628)	45,06 % (515)
Curmán/á	59,26 % (144)	40,74 % (99)
Cuñado/a	53,50 % (130)	46,50 % (113)
Padriño/madriña	37,02 % (97)	62,98 % (165)
TOTAL	55,90 % (2467)	44,10 % (1946)

Táboa 3: Relación de parentesco colateral.

Como se ve na Táboa 3, os resultados globais denotan unha preferencia polo uso do posesivo articulado cos nomes de parentesco colateral. En efecto, evidénciase un incremento de formas con artigo cunha media dun 55,90 % (ex. 23: *Cando á carón do lar nos asentamos, coa boca aberta ollei para o meu tío que, respaldado no seu sillón, comenzou a falar así* <López Abente: Vaosilveiro/1929>; ex. 24: *Cara de concho era como lle chamaba a súa curmá, e cando ela o alcumaba así el anoxaba* <Ledo: Porta/1990>; ex. 25: *Xa coñecesdes os desgraciados días que vive a terra da vosa irmá e tía miña a condessa de Ribadavia*. <Iglesias López: Soño/2003>. Pola contra, o 44,10 % das formas analizadas son frases non articuladas (ex. 26: *rireime das parvadas de meu tío o calóndrigo, pra que vexa que me fan moita gracia*. <Porto: Tola/1927>; ex. 27: *Meteu cizaña no matrimonio e veña a levarlle contos a seu irmao contra súa cuñada i apodrecerlle o sangue*. <Fole: Terra/1955>; ex. 28: *Recolle a cunca de meu irmán e porpara a cea á noite pra os tres, que o café irémo-lo a tomare*. <Carballal: Tesouro/1919>.

Indo a casos particulares, o uso da forma articulada nos nomes *irmán/á*, *tío/a*, *curmán/á* e *cuñado/a* sitúase por riba do 50 %, uso que contrasta co detectado por Varela Vázquez (1997: 357) en textos do XIX, onde estes mesmos nomes prefiren a solución sen artigo (77 %). Por tanto, os resultados da nosa análise confirman un aumento no emprego do posesivo articulado no galego contemporáneo.


Comentario á parte merece o caso de *padriño/madriña*, pois a súa tendencia é contraria á do resto e, por porcentaxes de uso do artigo, seméllanse máis no seu

comportamento ós nomes de parentesco de liña ascendente como *pai/nai* (véxase a Táboa 1). Así e todo, convén ter en conta o número morfolóxico (Táboa 4), pois *padriño* e *madriña* prefiren as construcións sen artigo en singular cun 65,92 %, mentres que no plural a forma con artigo aparece de xeito maioritario nun 71,43 % das ocorrencias, aínda que as ocorrencias neste caso non son moitas:

	CON ARTIGO	SEN ARTIGO
Padriño/ madriña	35,08 % (87)	65,92 % (161)
Padriños/ madriñas	71,43 % (10)	28,57 % (4)

Táboa 4: Parentesco colateral de *padriño/madriña* en singular e plural.

Como conclusión xeral á variable de parentesco, como se ve na Gráfica 4, podemos afirmar que os nomes de liña ascendente prefiren as formas de posesivo sen artigo cunha media do 58 % dos rexistros, mentres que os nomes de parentesco descendente escollen o posesivo articulado de xeito maioritario nunha media de 73 % e no grupo de nomes de parentesco colateral, os resultados atopados confirmanos a presenza do elemento articular nun 53 % das mostras.



Gráfica 4: Resultados globais de ocorrencias con/sen artigo a partir das diferentes relacións de parentesco.

6.2. Variables morfolóxicas

Para observar o contraste no comportamento dos nomes dependendo do seu xénero e número, e do número de posuidores, co fin de sermos máis operativos, seleccionamos para a análise só os nomes de parentesco con máis ocorrencias de cada nivel de parentesco: isto é, *pai* e *nai* para a liña ascendente, *fillo* e *filla* para a descendente e *irmán* e *irmá* para a colateral. Verase primeiro a variable de xénero dos substantivos, logo o número e finalmente o número de posuidores.

6.2.1. Xénero

En relación coas solucións que se atopan tendo en conta o xénero (ou o sexo) do nome de parentesco, os resultados indican que con respecto a esta variable non hai grandes diferenzas entre o comportamento do masculino e o do feminino, a non ser na parella *irmán/irmá*, como indica a Táboa 5:

MASCULINO	CON ARTIGO	SEN ARTIGO
Pai	42,39 % (3042)	57,61 % (4134)
Irmán	53,69 % (909)	46,31 % (784)
Fillo	70,32 % (1959)	29,68 % (827)
TOTAL	50,71 % (5910)	49,29 % (5745)
FEMININO	CON ARTIGO	SEN ARTIGO
Nai	39,27 % (2325)	60,73 % (3595)
Irmá	67,43 % (559)	32,57 % (270)
Filla	76,22 % (920)	23,78 % (287)
TOTAL	47,81 % (3804)	52,19 % (4152)

Táboa 5: Parentesco e xénero dos nomes.

En termos globais as formas de parentesco de xénero masculino prefiren nun 50,71 % a opción con artigo (ex. 29: *Aquelas terras lonxanas que zugaron a vida do meu pai foron arreo maldecidas por min*. <Castelao: Ollo/1922>; ex. 30: *Don Cristovo prometera ó noso irmán proafillalo e facelo herdeiro das súas posesións* <Rodríguez López: Reliquias/1991>; ex. 31: *O vinculeiro de Zarracín e o seu fillo estaban presos no cuartel da Garda Civil* <Cabana: Vidas/1992>). En contra disto vai o comportamento dos nomes de parentesco femininos que presentan un 52,19 % de resultados sen artigo (ex. 32: *Os probes labregos pasen a vida renegando da hora en que súa nai tivo a oucurrencecia de zampalos a este mundo* <Rivero: Cochegas/1920>; ex. 33: *Desde nasceu minha filha Matilda non fun ó mosteiro por ela* <Blanco-Amor: Teatro/1974>; ex. 34: *A filla máis vella do cazador foi a cociñeira, e deulle tanta rabia que súa irmá se casara cun home tan rico e tan bon mozo* <Prieto: Contos/1958>).

Mais, se analizamos por tipos de parentesco cada un dos nomes, como fixemos na Táboa 1, en ascendente, colateral e descendente, vemos que o parentesco ascendente (*pai, nai*) continúa preferindo o posesivo sen artigo, independentemente do seu xénero. Os nomes dos seguintes niveis (*irmán, irmá, fillo e filla*) prefiren, pola contra, a solución articulada ó carón do posesivo: 1) por situarse nun nivel de igualdade ou inferioridade con respecto ó suxeito e 2) por posuír os trazos sémicos de [+ proximidade] e [- respecto].

Non obstante, o interesante desta Táboa 5 é contrastar as parellas canto ó xénero. Así, o comportamento de *pai* e *nai* son similares e tamén os de *fillo* e *filla*; isto é, o xénero non parece influír, pois as diferenzas son pouco apreciáveis. Si inflúe, en cambio, na parella *irmán* e *irmá*, pois os seus datos son bastante diferentes: no caso de *irmán*, nun 53,69 % dos casos vai con artigo; pero a forma feminina faíno nun 67,43 %, 13 puntos de diferenza.

6.2.2. Número

En relación coas solucións que atopamos no noso corpus, tendo en conta o número singular ou plural dos nomes, estes indican que esta variable si parece ser determinante polos datos obtidos.

Segundo os resultados da Táboa 6, os casos de plural (*pais, nais, irmáns*, etc.)⁵ adoitan presentar a forma articulada nun 67,36 % de casos, en tanto que a de singular só o fai nun 49,99 %, uns máis que apreciáveis 18 puntos de diferenza. Esta diferenza de puntos é máis acusada entre *fillo/a* e *fillos/as*, onde chega ós 17 puntos; 15 puntos entre *irmán/a* e *irmáns/ás* e 11, a que menos, entre *pai/nai* e *pais/nais*.

⁵ Na fichaxe non se discriminaron os casos de usos xenéricos dos particulares.

SINGULAR	CON ARTIGO	SEN ARTIGO
Pai/nai	44,28 % (4571)	55,72 % (5753)
Irmán/á	56,97 % (1116)	43,03 % (843)
Fillo/a	67,12 % (1880)	32,88 % (921)
TOTAL	49,99 % (7567)	50,01 % (7571)
PLURAL	CON ARTIGO	SEN ARTIGO
Pais/nais	55,39 % (796)	44,61 % (641)
Irmáns/ás	62,52 % (352)	37,48 % (211)
Fillos/as	83,94 % (1009)	16,06 % (193)
TOTAL	67,36 % (2157)	32,64 % (1045)

Táboa 6: Parentesco e categoría de número dos nomes.

Así pois, un nome de parentesco con posesivo que vaia en plural ten preto dun 70 % de posibilidades de que o falante acabe por usalo co artigo (ex. 35: *Con andar repousado encamiñouse á casa dos seus pais e xa fronte a ela detívose un anaco.* <Carballal: Min/1928>; ex. 36: *Se queres, levamos ás túas fillas. ¿Cómo que se queres? ¡Levámolas, está feito!* <Martínez Oca: Náufragos/1995>; ex. 37: *Institúe herdeiros ós seus fillos ... e ós seus netos ... Os fillos herdarán por cabezas e os netos por estirpes.* <Gutiérrez Aller: Formulario/1998>), en tanto que se vai en singular, estas posibilidades quedan en arredor do 50 % (ex. 38: *Cando Dios me abra esas portas quero entrar con miña nai, nin podo morrer sin ela, nin vivir se ela se vai.* <OTM III,28/1918>; ex. 39: *Chegamos xunta Mauricio: ¡ola, Xan! este é teu fillo?* <Baña: Vida/1921>; ex. 40: *Di que teño que tratalo de ti, que resulta ridículo que o trate de vostede se podería ser meu neto, se lle levo máis de cincuenta anos.* <López Rodríguez: Amigo/2002>).

A variable de número do nome de parentesco si é importante, en función dos case 17 puntos de diferenza que se dá entre o singular e o plural.

6.2.3 Número de posuidores

Na Táboa 7, que incorpora os datos da Táboa 6, poden contrastarse os datos de se a variable da cantidade de posuidores indicada polo posesivo é determinante á hora de que apareza o artigo co posesivo ou non.

Os datos globais amosan que a cantidade de posuidores si é unha variable a ter en conta. Así, un nome de parentesco con posesivo indicando varios posuidores sexa en singular ou en plural aparece con artigo máis dun 70 % de veces (72,32 % en singular e 74,83 % en plural) (ex. 41: *Xurádeo pola ánima do voso irmán para que eu marche tranquila*. <Iglesias López: Soño/2003>; ex. 42: *Non podemos nin queremos privar ós nosos fillos do seu máis lexítimo liñaxe espiritoal*. <Piñeiro: Olladas/1974>). Pola contra, cando o posesivo remite a un só posuidor, a presenza do artigo baixa case ó 50 % cando vai en singular (ex. 43: *Vou avisar á miña nai, que se vén aquí e se atopa cun morto...* <Lugrís: Estadeíña/1919>) e algo menos, pero ata un 66,59 % cando vai en plural (ex. 44: *A primeira música que escoitei foi a dela. Ademais encantáballe a unha das miñas irmás*. <Heinze: Muller/1985>).

Isto é, o plural e os varios posuidores favorecen a frase articulada con *posesivo + nome de parentesco*.

UN POSUÍDOR	SINGULAR		PLURAL	
	CON ARTIGO	SEN ARTIGO	CON ARTIGO	SEN ARTIGO
Nai	49,83 % (2200)	50,17 % (2215)	63,33 % (19)	36,67 % (11)
Pai	38,90 % (2204)	61,10 % (3462)	53,97 % (680)	46,03 % (580)
Irmá	66,96 % (458)	33,04 % (226)	70,87 % (90)	29,13 % (37)
Irmán	50,66 % (611)	49,34 % (595)	58,47 % (221)	41,53 % (157)
Filla	74,07 % (760)	25,93 % (266)	88,89 % (128)	11,11 % (16)
Fillo	62,03 % (1057)	37,97 % (647)	82,52 % (793)	17,48 % (168)
TOTAL	49,59 % (7290)	50,41 % (7411)	66,59 % (1931)	33,41 % (969)

VARIOS POSUÍDORES	SINGULAR		PLURAL	
	CON ARTIGO	SEN ARTIGO	CON ARTIGO	SEN ARTIGO
Nai	93,48 % (43)	6,52 % (3)	89,41 % (76)	10,59 % (9)
Pai	75,86 % (88)	24,14 % (28)	75,00 % (18)	25,00 % (6)
Irmá	62,20 % (79)	37,80 % (48)	64,23 % (79)	35,77 % (44)
Irmán	60,00 % (9)	40,00 % (6)	66,67 % (2)	33,33 % (1)
Filla	70,37 % (38)	29,63 % (16)	70,91 % (39)	29,09 % (16)
Fillo	80,00 % (20)	20,00 % (5)	100,00 % (12)	0,00 % (0)
TOTAL	72,32 % (277)	27,68 % (106)	74,83 % (226)	25,17 % (76)

Táboa 7: Formas de parentesco con posesivo dun único posuidor e de varios posuidores, en singular e en plural.

6.3 Variables sintácticas

Como traballar con todos os datos de nomes de parentesco non era operativo, para analizar as variables sintácticas elaboramos unha base de datos específica conformada por unha pequena mostra de 300 exemplos, igualmente do período entre 1918 e 2013, procedentes unicamente de *posesivo + pai* e *posesivo + nai*, os nomes de parentesco máis numerosos no TILG. Dos 300 exemplos analizados, escollemos 33 do período 1918-1936, 25 de 1940-1975 e 92 de 1976-2013, tendo en conta o volume de ocorrencias por cada etapa cronolóxica con respecto ó total (véxase o apartado 4.6).

A nosa análise centrouse en catro aspectos: a posición da frase de *posesivo + nome de parentesco* con respecto ó núcleo verbal, a presenza ou non de preposición iniciando esta frase, a función sintáctica da frase e a modalidade do enunciado en que se insire esta. Tratamos de comprobar en que medida estas variables inflúen en que o artigo estea presente ou ausente antes do posesivo.

6.3.1 Posición da frase con respecto ó núcleo verbal

Tocante á posición da frase *posesivo + nome de parentesco* con respecto ó núcleo verbal, diferenciamos entre a posición anteverbal e a posverbal. Dos 300 rexistros recollidos do corpus, 39 deles foron desbotados por seren vocativos e por tanto non amosar variación na omisión/presenza do determinante artigo. Os datos poden verse na Táboa 8:

	CON ARTIGO	SEN ARTIGO
Posición posverbal	40,54 % (60)	59,46 % (88)
Posición anteverbal	23,89 % (27)	76,11 % (86)

Táboa 8: Posición con respecto ó núcleo verbal.

Independentemente da posición no enunciado, nesta base de datos, os posesivos prefiren a solución non articulada xeralmente. Canto á orde, é maioritaria a posición posverbal da frase co posesivo nun 56,70 % dos casos (148 ocorrencias), en tanto que vai anteverbal nun 43,29 % de veces (113 casos).


Xa no referido á presenza do artigo, cando a frase vai en posición posverbal, un 59,46 % dos exemplos prefire a construción sen artigo (ex. 45: *Ó nomear a miña nai estremecín e puloume o esprito con desmaio*. <Santiago: Silencio/1976>; ex. 46: *Non creas naquel nubeiro que matou a Jesucristo, Que Jesucristo é meu pai* <Lence: Etnografía/1941>, fronte ó 40,54 % restante que si levan artigo (ex. 47: *Era un auténtico festival diario, coa miña nai dirixindo e Manuela na cociña* <Galdo: Abecedario/2012>; ex. 48: *Chamarei polo meu pai, se a ti che non encomoda* <Prado: Carón/1918>).

Tamén na posición anteverbal é maioritaria a opción sen artigo pero nun 76,11 % do total, é dicir, 17 puntos máis ca na posición posverbal. Na posición preverbal as frases analizadas sempre funcionan sintacticamente como suxeitos (ex. 49: *Miña nai atronaba o mundo cos seus urros*. <Ferrín: Arraianos/1991>; ex. 50: *Meu pai, que se chamaba Celso Fernández, sabía facer corozas de xungos* <Rodríguez Cruz: Vestimenta/2004>).

Daquela, podemos concluír que a posición preverbal favorece o non uso do artigo co posesivo, pois está en relación á función sintáctica de suxeito que tamén maioritariamente se constrúe sen artigo, como deseguido veremos.

6.3.2. Funcións sintácticas sen preposición

Na Gráfica 5 recolleemos as funcións sintácticas que desempeñan as frases de *posesivo + nome de parentesco* neste segundo corpus:



Gráfica 5: Funcións sintácticas que desempeñan a frase *posesivo+ nome de parentesco*.

Como se pode ver, a función maioritaria é a de suxeito (SUX) (56 %), seguida da de modificador (MOD) (18 %), complemento directo (CD) (7 %) e indirecto (CI) (8 %), e xa nunha porcentaxe menor a de suplemento (SUPLEM) (5 %), complemento circunstancial (CCIRC) (2 %) e atributo (ATRIB) (2 %). A estas habería que engadirlle os 30 casos de vocativo a que antes xa aludimos.

Do total de exemplos, o 58 % de casos son funcións que non levan preposición e o 42 % si levan preposición. Imos ver o comportamento dunhas e outras canto a necesidade de levaren artigo co posesivo ou non e ver se a presenza dunha preposición inflúe.

Como se ve na Táboa 9, as funcións sen preposición que desempeñan as frases que estamos comentando son maioritariamente a de SUX e en menor medida a de ATRIB, e neste caso a opción maioritaria é a non presenza do artigo nun 78,95 % dos casos analizados (ex. 51: *Meu pai levoume a un xa fai moito tempo e coidei de non chegar ó eido*. <Rivero: *Fungueirazos*/1925>; ex. 52: *Ese é Lois, ese é Sabino, esa é miña nai*. <Iglesias Turnes: *Rapazas*/2012>). Isto é, cando a frase *posesivo + nome de parentesco* é SUX en case 8 casos de cada 10 non leva artigo.

FUNCIÓNS SINTÁCTICAS	CON ARTIGO	SEN ARTIGO
SUX	21,77 % (32)	78,23 % (115)
ATRIB	0,00 % (0)	100,00 % (5)
MEDIA	21,05 % (32)	78,95 % (120)

Táboa 9: Funcións sintácticas sen preposición.

6.3.3. Funcións sintácticas con preposición

Na Táboa 10 incluímos as funcións con preposición analizadas. En relación co CD, soamente rexistramos mostras con preposición, en parte o esperable, xa que en todos os casos son substantivos co trazo [+humano]:


FUNCIÓN SINTÁCTICA	CON ARTIGO	SEN ARTIGO
MOD	57,89 % (22)	42,11 % (16)
CD	55,00 % (11)	45,00 % (9)
SUPLEM	75,00 % (9)	25,00 % (3)
CI	30,00 % (6)	70,00 % (14)
CCIRC	58,33 % (7)	41,67 % (5)
MEDIA	53,92 % (55)	46,08 % (47)

Táboa 10: Funcións con preposición.

Como se pode observar, os datos globais indican que cando a frase *posesivo + nome de parentesco* desempeña unha función sintáctica con preposición nun 53,92 % aparece o artigo determinado, fronte ó 46,08 % sen artigo, uns datos bastante parellos; pero que contrastan cos dunha función sintáctica sen preposición como a de SUX en que nun 78,23 % de casos o posesivo aparece sen artigo.

As porcentaxes varían segundo as funcións sintácticas. Así as de SUPLEM (75,00 %), a de CCIRC (58,33 %), a de MOD (57,89 %) e a de CD (de persoa) nun 55,00 % das ocorrencias optan polo emprego do artigo seguido de preposición de xeito maioritario. Fronte a estas está a de CI (70,00 %) que maioritariamente se constrúe sen artigo.

Tendo conta a preposición, a Gráfica 6 recolle datos en que se relaciona a clase de preposición (*a, con, de, para* e *por*) coa presenza/ausencia do artigo co posesivo. Así, cómpre sinalar que 7 de cada 10 exemplos coa preposición *con* prefiren a solución articulada (ex. 53: *Nunca tiven folgos nin vontade para falar co doutor Frazer da súa relación coa miña nai* <Forcadela: Paisaxe/1990>), mentres que 6 de cada 10 exemplos con *a* escollen a opción sen artigo (ex. 54: *E axúdolle a meu pai no trafego das botellas* <Neira: Historias/1968>). No entanto, coa preposición *de* os exemplos con e sen artigo están igualados (ex. 55: *Malia seren da xeración do meu pai, lustro arriba lustro abaixo, non se lle parecen en nada* <García Suárez: Fausta/2004>; ex. 56: *A probe de miña nai, sentada no leito, preguntaba, preguntaba...* <Nós 43/1927>). O número de exemplos con *para* e *por* son case insignificantes.



Gráfica 6: Presenza/ausencia do artigo segundo a clase de preposición.

Concluindo, estes datos mostran unha vinculación das funcións con preposición coa presenza de artigo ante posesivo, posto que como xa apuntábamos ó comezo, nas funcións de SUPLEM e CCIRC evidénciase con claridade a esixencia do artigo

determinado (ex. 57: *Todo canto me contaban do meu pai, e todo canto se canta nos romances de cego resultou ser, desgraciadamente, certo.* <Miranda: Morning/1998>; ex.58: *Case só falaba comigo. Coa miña nai non falou máis cá primeira vez, cando viñeran os dous das botas de elástico.* <Ferrín: Arraianos/1991>).

6.3.4. Modalidade da oración

Por último, analizamos se a modalidade da oración en que aparece a frase de posesivo + nome de parentesco inflúe na necesidade do artigo co posesivo. Os 261 exemplos foron clasificados nas seguintes modalidades: afirmativa, negativa, interrogativa e exclamativa. Obtivemos os datos que aparecen na Táboa 11:

MODALIDADE	CON ARTIGO	SEN ARTIGO
Afirmativa	33,33 % (75)	66,67 % (150)
Negativa	61,11 % (11)	38,89 % (7)
Interrogativa	25,00 % (3)	75,00 % (9)
Exclamativa	0,00 % (0)	100,00 % (7)


Táboa 11: Modalidade da oración.

Tocante ás solucións rexistradas, revélase un emprego maioritario de ocorrencias sen artigo nos enunciados afirmativos (66,67 %), exclamativos (100,00 %) e interrogativos (75,00 %) (ex. 59: *Meu pai, o noso pai, alentaba a miña irmá recordoumo sempre* <Conde: María/2007>; ex. 60: *¡Agarde miña nai, agarde un pouco !* <Rodríguez Díaz: Cartas/1940>; ex. 61: *¿Sabe algo de miña nai?* <Santiago: Silencio/1976>).

Pola contra, os exemplos analizados indican que os enunciados negativos presentan máis exemplos con artigo (61,11 %) do que o resto. En consecuencia, a partícula negativa deste tipo de estruturas, é dicir, o adverbio de negación pode influír na aparición do artigo co posesivo (ex. 62: *¿E se iso me sucedía a min, que non lle sucedería ó meu pai?* <Conde: María/2007>; ex. 63: *Eu ía facer iso porque lle non batese á miña nai.* <Ferrín: Arraianos/1991>).

6.4. Variable cronolóxica

Comprobaremos finalmente se a presenza ou ausencia do artigo co posesivo nas frases que vimos describindo variou ó longo do período estudado. Na Gráfica 7 intentamos recoller como foi esa evolución.



Gráfica 7: Presenza/ausencia do artigo con frases de *posesivo + nome de parentesco* entre 1918 e 2013.

Como se ve, a variable cronolóxica si inflúe. O uso do artigo co posesivo con nomes de parentesco foi medrando ó longo dos últimos cen anos. Pasamos dun 36 % da «1ª Etapa» (1918-1939), a un 45 % na «2ª Etapa» —nestes dous períodos aínda o uso do artigo era minoritario fronte ó non uso—, para chegar á «3ª Etapa» en que a frase articulada xa é maioritaria, ata un 63 %. Como se pode ver na gráfica, os datos invertíronse nun século: actualmente é máis habitual a construción innovadora con artigo (*a miña nai*) cá forma tradicional sen articular (*miña nai*).

7. Conclusións

Neste traballo intentamos constatar que algunhas variables axudan a explicar a ausencia/presenza do artigo co posesivo cando este antecede a un nome de parentesco. Os factores que tivemos en conta xa foran apuntados por traballos anteriores ó noso. En concreto examináronse as variables de relacións de

parentesco, ó seu xénero e número, a cantidade de posuidores, variables sintácticas como a posición da frase, a súa función sintáctica e a modalidade do enunciado, e finalmente o factor cronolóxico. A análise realizouse a partir dun corpus amplo de textos tirados do TILG nun período que vai dende 1918 ata 2013.

Segundo os datos derivados da nosa análise, concluímos que a solución articulada adoita aparecer cando a relación de parentesco é descendente, nas formas en plural, cando se fai referencia a máis dun posuidor e nas funcións sintácticas que precisan de preposición; a modalidade negativa tamén parece que favorece a solución articulada. Pola contra, as formas de parentesco ascendente e singulares levan ó posesivo a prescindir de artigo. Parece que o contido sémico de 'respecto' —actualmente en retroceso— que enxergan estes nomes de liña ascendente é o causante das restricións no emprego do elemento articular. Con todo, semella que a alternancia na presenza/ausencia do artigo nas construcións posesivas non denota ningún cambio de significado entre [coñecido] fronte a [descoñecido]; isto é, a presenza de artigo non destaca a función identificadora ou calidade íntima do posuído, senón que parece máis ben, unha cuestión de frecuencia de uso.

Sen dúbida, os resultados obtidos con este traballo constatan que o artigo foi aumentando a súa presenza nas estruturas de *posesivo + nome de parentesco*, algo que xa se vén producindo no galego dende o século XIX; ben é certo que ata 1975 a solución do posesivo sen articular era aínda maioritaria, pero nos últimos cincuenta anos a solución articulada é xa maioritaria. Os datos invertéronse en cen anos: pasouse dun 36 % de presenza artigo e un 64 % de ausencia. Consecuentemente, estamos nun período de cambio de tendencia que aposta pola propagación do emprego do determinante artigo co posesivo acompañando nomes de parentesco.

Referencias bibliográficas

- Álvarez, Rosario/Henrique Monteagudo/Xosé Luís Regueira (1986): *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.
- Álvarez, Rosario/Xosé Xove (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Carballo Calero, Ricardo (1976): *Gramática elemental del gallego común*. Vigo: Galaxia.
- Cidrás Escáneo, Francisco Antonio. (2017): «Determinación nominal con posesivo en español y gallego», en María José Domínguez Vázquez/Silvia Kutscher (eds.), *Interacción entre gramática, didáctica y lexicografía*. 239-250. Berlin /& Boston: De Gruyter. DOI: <https://doi.org/10.1515/9783110420784-018>. [Consultado: <21/03/2022>]

- DRAG = González González, Manuel (dir.): *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. Dispoñible en <<https://academia.gal/dicionario>>. [Consultado: <26/03/2022>]
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2000): *Gramática da lingua galega II. Morfosintaxe*. Vigo: A Nosa Terra.
- Louredo Rodríguez, Eduardo (2015): «On the use of the article with people's proper names in galician», *Dialectología*. Nº extra V, 167-190.
- Lugrís Freire, Manuel (1931): *Gramática do idioma galego*: A Cruña, Imprenta Moret, 1931.
- Silva Domínguez, Carme (1996): «É meu amigo/ é o meu amigo/ é amigo meu», *Cadernos de Lingua*, 14, 5-20. Dispoñible en <<https://publicacionsperiodicas.academia.gal/index.php/Cadernos/article/view/170/169>> [Consultado: <18/05/2022>]
- TILG= Santamarina, Antón (dir.)/Ernesto González Seoane/María Álvarez De La Granja: *Tesouro informatizado da lingua galega* (Versión 4.1). Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Dispoñible en <<http://ilg.usc.gal/TILG/>>. [Consultado: <09/02/2022>]
- Varela Vázquez, Begoña (1997): «Os posesivos con substantivos de parentesco», en B. Fernández Salgado (ed.): *Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos (Universidade de Oxford, 26-28 setembro 1994)*, vol. 1. Oxford: Centro de Estudos Galegos, 353-373.

Anexo: Ocorrencias totais analizadas do corpus do TILG

NOME DE PARENTESCO	CON ARTIGO	SEN ARTIGO	TOTAL
Pai	3042	4134	7176
Nai	2325	3595	5920
Fillo	1959	827	2786
Filla	920	287	1207
Neto	141	902	1043
Avó	578	350	928
Tío	414	509	923
Avoa	302	162	464
Neta	41	392	433
Tía	214	172	386
Sogra	89	134	223
Sobriño	173	27	200
Padriño	80	114	194
Sogro	89	104	193
Curmán	100	80	180
Cuñado	94	68	162
Sobriña	73	30	103
Cuñada	36	45	81
Madriña	17	51	68
Xenro	41	23	64
Curmá	44	19	63
Nora	33	4	37
Afillado	25	11	36
Afillada	13	3	16
TOTAL	10843	12043	22886

Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega é unha publicación do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo que recolle traballos académicos dos novos investigadores e investigadoras no ámbito da Filoloxía Galega.

Neste vol. 8 abórdanse temas coma o uso do artigo e posesivo con nomes de parentesco, as identidades e ideoloxías dos neofalantes, o monolingüismo na Educación infantil e a figura literaria da bruxa como motivo de análise nas aulas.

Universidade de Vigo